

Introdución ao recital de poemas

LOIS DIÉGUEZ

Eran os sons da *Alborada de Veiga*, en interpretación da Banda de Sober, coa cal quixemos iniciar este recital, e coa voz de quen aquí nos trouxo, pois el mesmo nos abriu ben anos, entre outras moitas xanelas, a da nosa música nacional, cando estreabamos a luz e a palabra nun San Froilán ateigado de gratísimas sorpresas. Manuel María celebrou día a día ese milagre que é a vida, -“o sorriso é a flor da vida”, dixo-, cunha ilusión tan enorme que sempre nos admirou. A cousa máis sinxela, o animalíño máis insignificante, a amizade, a viaxe, o camiño, a casa... en fin, calquera presenza eran celebradas, apuradas até a fartura emocionada. A fonda humanidade e o amor foron as bandeiras da súa rica patria persoal. E con elas, a nación, pois non hai vida máis acesa e viva que aquilo que nos define como colectivo. Cantouna e celebrouna tamén sen acougo, contra as xistras e os nubeiros que intentan apagala. “A patria érguese no territorio/da nosa intimidade,/ na nación do noso sentimento colectivo”, poetizou, definiu en 1977. E aos nenos, cando aínda non tiñan practicamente un verso no que medir a súa fala, mesmo uns anos antes de 1972, díxolles tamén, “Galiza somos nós:/ a xente e mais a fala/ Si buscas a Galiza/ en ti tes que atopala!”.

A **vida** e mais a **nación**, dous camiños irredutíbeis para o noso poeta, unidos e cantados cando o silencio aínda se pousaba como unha espiña nas voces das xeracións que espertaban á criación literaria nacional, van ser o fío inspirado deste recital. Os poemas de Manuel María levan ese selo que el lles estampou en diversas etapas da súa vida. No libro *Compendio de orballos e incertezas* (1991), Manuel María fai

esta unión cuns fermosos e sentidos versos que veñen ser análise do vivido e mensaxe para o futuro:

“Deixade que o voso corazón se abra
á beleza deste noso mundo
tan carnal, amigo e amoroso:
á luz clara e máxica dos días,
ó engado das noites,
á música de toda a creación
e aos silencios pechados nos que
cada un de nós pode estar oíndo
o inquedaante latexar de si mesmo
en harmonía con canto existe e estivo,
algunha vez, no ser das cousas.
Amade sempre á terra vosa nai
e cada vez seredes máis humanos
e cecais poderemos comprender
que só o amor nos leva ao éxtase:
único xeito de unión
coa plenitude total do universo.”

E as voces, agora, pónenas os e as nosas poetas cos que tamén el cantou en actos diversos, en días felices que hoxe nos enchen de nostalxia. Son voces recoñecidas cuxos nomes falan por si da vitalidade e camiños da nosa literatura, elixidos coa idea do tempo, dos anos máis achegados á época do noso poeta, coetáneos, por tanto: Marica Campo, Bernardino Graña, María do Carme Kruckenberg e Luz Pozo Garza. Manuel María cerrará, por último, de novo coa súa voz, este recital.

Poemas

MARICA CAMPO

Poema / anxeio recobrado

(*Poemas pra reconstruír unha patria.* 1977)

Despois da táboa rasa, do pranto,
da barbarie, do exilio e da morte
predicáronnos un vago e etéreo
saudosismo,

un culturalismo
europeísta, erguido na mañá como
bandeira farrapenta ou néboa mol,
inconsistente, leitosa e azulada,
aboiano, moi alta, sobor do case
cadavre fedorento do país.

Entón chegamos *NÓS*
ollando / buscando / remexendo entre
cinzas / noxo / miseria / loito / medo,
ruínas / vergoña / tristura / traizón
e atopámonos co

POBO=POBO=POBO
só / nu / emigrado / desfeito / desnortado.
Diante desta situación arrepiante
tivemos

n-e-c-e-s-a-r-i-a-m-e-n-t-e
que aborrecer / esquecer culturalismos
seudorracionais / saudosos / existenciais,
poñernos a arrabuñar / sachar / arar

na terra do común, non na de un,
 -sacrificando minifundios persoais-
 E atopamos / recoñecemos / recobramos a
 ESPIRAL-SÍMBOLO-DA-VIDA=PORVIR CEIBE
 e a

ESTRELA DE CINCO PUNTAS que,
 vermella co sangue dos nosos loitadores,
 subiu ao alto da bandeira azul e branca,
 GUÍA-LUZ-IDEA-TANXÍBEL-MATERIAL
 coa que comezamos

dor

a

dor

a re-CONSTRUIR a nosa Patria.

Sei dun país...

(O camiño é unha nostalxia. 1985)

Sei dun país que existe e non existe:
 é unha patria terreal e humana
 que envellece comigo cada día.
 Teño na lembranza o seu recendo
 a terra húmida, rosas e loureiro.
 Habito as súas cidades exemplares
 feitas de amor, dor e pedra gra
 con árbores e rúas silandeiras
 que van desembocar a prazas íntimas
 de nomes de estrela ou andoriña.
 Nos meus ollos levo as súas paisaxes,
 a máxica xeometría das súas casas,
 o seu ceo limpo, azul-grisento,
 sucado de leves nubes camiñantes,
 de brétemas vagas como anceios
 e luceiros que queiman como brasas.
 Nos meus ouvidos gardo o son sutil
 do vento cantando nos carballos,
 o musical murmurio dos seus ríos,
 o berro escuro e forte dos seus mares
 e os versos que din as arboredas.
 Esta patria existe. Eu vivo nela.
 Non ten odios, rancores nin envexas.
 Nunca souben, nin sei, o nome seu.
 Mais cando desexo nomear a este país
 Os meus beizos échense de luz
 e, dende o fondo do ser, digo: SALETA.

Poemas

BERNARDINO GRAÑA

Poema contra o silencio

(*Poemas para construír unha patria.* 1977)

Gardamos nos arquivos da conciencia
milleiros e milleiros de silencios
que se enchen de mofo,
podreceron,
caeron ao chao esfarelados
e foron basoirados por obreiros
encargados do aseo da cidade: hai
porcalladas que ofenden gravemente
os olliños delicados dos burgueses.
O silencio é a morte e a impotencia.
O silencio é a tebra e a tristura,
a quebra das palabras e as cancións,
a bancarrota do home e o destino.
Por eso chamo co meu verso
a un exército de xilgaros cantores,
a unha multitude de ríos rumorosos,
a todos os ventos vagabundos
e ás palabras comús do meu idioma.
-terra / colonialismo / mar / emigración-
acubillado e agachado nas aldeas,
nos tristes arrabaldos das cidades,
no corazón das clases populares.
Compre loitar contra o silencio;
é preciso, urxente e necesario
rematar co silencio dunha vez,
recobrar as palabras

unha

a

unha,

Poemas

MARIA DO CARME KRUCKENBERG

MEU RECORDO DE TI, MANUEL MARIA

Todo fería a luz da tarde.
E polos cómaros da inmensidade
un home, un poeta, un anxo do imposible
viña paseniño dende o mundo do traballo,
chegou sen un rumor,
como a cantiga inacabada do misterio
que aínda tiña que enxergar.
Víu sorridente, co mundo nos ollos
semellantes o ceo limpido do vran,
sen mais presenza cade si mesmo.

Dende aquela, quedou na miña amizade
e quedou na lonxanía marcada polo incerto.
Foi no ano 1953. O que é,
a vida enteira nun verso.

Homenaxe a Manuel María Nov. 1999

Vou en contra de todo, coma o vento
 de todo o que me doi e me latexa
 como unha pomba morta ou mal ferida.
 Ando sin presas, pero despoboada
 de no encontrar acougo en este leito
 onde botóume o amor, sin eu querelo.
 Vou en contra de aquiles que fixeron
 do diario durmir unha costume
 e son capaces de matar a pedra.
 Coma o vento que empuxa e se rebule,
 e volve a rebullirse eternamente,
 son rebelde e non podo conformarme
 cunha esmola de toxos entre os dedos.

A sombra ergueita. 1976

Compro a miña sentencia
 de poeta idealista
 en loita permanente
 coa inxustiza de sombras,
 que non deixan que medre
 a beleza das follas
 arredor da ledicia
 na mirada dun neno.
 Eu tratei de vivir
 a procura dun mundo
 con toda a humanidade
 que precisa o talento.
 Pero mancou a estrela
 na fonda escravitude
 do proceso.
 ¿ A quen reclamo a destrucción virtual
 do universo?

Lembranzas da beleza triste. 2003

Dende que Gertrude Stein o dixo,
 Todo o mundo sabe
 Que unha rosa é unha rosa.
 Pero os xardíns que percorren
 Os pazos na ribeira da luz
 Pensan que unha rosa é algo máis
 Que unha rosa, que é o corazón
 Da natureza arredor dun sorriso.

Que é todo un mundo de arrecendos
 No devir do tempo,
 Que unha rosa é a beleza
 E a perfección feita carne
 De lúa chea.
 Ademáis de todas as metáforas
 Que se poden escribir sobre o efémero
 A rosa é sobre todo
 Unha rosa.

Lembranzas da beleza triste. 2003

O pobo unido
 todos irmáns, de ceo e terra,
 de pai e nai.
 A loita certa,
 todos da man, xuntos na man,
 cantando sempre
 o noso amor e a libertá,
 a libertá dos nosos ósos,
 da nosa terra, do noso chan.
 A loita certa,
 de xenerosos soños louzans,
 todos nun feixe doce e garrido
 de lus e paz.
 O pobo unido,
 todos irmáns, de perto e lonxe,
 de mar a mar.

A sombra ergueita. 1976

Non sei si somos nós
 os que soportamos
 todala miseria do universo,
 da sin razon,
 dos que portan o peso da vida
 como unha forzosa pedra
 o lombo,
 incansables de tempo,
 sen sabelo.
 ou sabendo que non teñen
 onde pousar seus ollos
 si non é no escándalo
 das guerras

que aturan o silencio.
A existencia da razón
é o lastre
que temos o longo
desta careira absurda.

Luz para un novo amencer. 2004

Fire nos afectos como a navalla
a iste desconcerto, arrasado polos mortos
inútiles.
Interrogade a orixe
desta tolemia insistente
sen identidade de home.
Busca, e trata de atopar
isa razón feble que se dilue
nas mans do descoñecemento.
E inclúe na suposta razón
do contido.
O medo que desfai os corpos
do improvisado, do superfluo.
da estupidez de conquistar
unha pinga de nada.
Un deserto da nada.
Os valores inconcretos da nada.
Asasinar a nada.

Luz para un novo amencer. 2004

Carta aberta a Manuel María, “Lembranzas”

LUZ POZO GARZA

I TEMPO DE INVOCAR

Fiel poeta e amigo nado na Terra Chá
que chegas con Saleta ó centro da amistá,
do amor e a poesía: “O resto é soedá”

Chegas dun paradiso onde agroman os ríos
coma o cristal das bágoas coma a luz dos estíos

amigo das lagoas dos paxaros do Norte
das alaudas primeiras que esconxuran a morte

Namorado do vento onde pasa un oureol
Custodio dos regatos onde non murcha a frol

E unha tarde chegabas á procura das naves
á procura das ondas á procura das aves

E quedaches varado no declive do mar
traspasado de argazos e velas. A soñar

II
TEMPO DE LEMBRAR

¿Lébraste meu amigo das tardes vagarosas
con Pimentel no Lugo das mocidades nosas?

Pasa un *BARCO SEN LUCES* cara a un soño de neve
por mares interiores. ¡Era o *RONSEL* tan leve!

Tamén me lembro amigo da túa avenza leal
cando *ÁNFORA* chegaba cun selo inaugural

Sempre naquel oficio de penetrar no amor
na agarda dun *ADVENTO* sen mágoa e sen dolor

E aqueles *DOCUMENTOS* con bandos da alcaldía:
«Pra que non fiquen valdeiros os pantanos
«Pódese chorar tan só cando hai sequía...

E as protestas xustísimas: *ACUSO Á CLASE MEDIA*
«de non ser solidaria co seu povo
«de traficar coa fame e a miseria...

Despois *CONTRA O SILENCIO* que escurece a conciencia
Reclamabas as verbas en proclamas de urxencia...

Sempre erguendo o estandarte da nosa liberdade
Da fala. Da xusticia. Da terra. Da verdade.

II
TEMPO DE MORRER

Agora meu amigo vivimos no arrepío
dos meniños que morren de fame e de desvío

O exterminio das etnias. A miseria das nais
Sen sombra. Sen fontenlas. Sen cantigas. Sen lais

A guerra dos Balcanes. Os pobos marxinaados.
A pobreza de América. Nenos esnaquizados

Os crimes ecolóxicos. As probas nucleares
Todo está perdidíño nos aires e nos mares

Paraísos idílicos agora profanados.
Lagos de Mururoa. Atolóns benamados...

As pregarias e angustias do noso corazón
¿terán acaso forza contra tal senrazón?

IV TEMPO DE VIVIR

Pero non te despidas rapaz da primavera
inda a leves ferida na inocencia primeira

Vai o amor impreso na textura do ser
No segredo da chuvia. Na luz que está por ver

Nas *PALABRAS DA TRIBU* deste reino do Norte
No *MAR MAIOR* das ondas que escorrentan a morte

E vai a primavera ó par da poesía
nunha camelia ilesa no ser de Rosalía

Na saudade dos ríos indo a Palas de Rei
No designio das aves que viven noutra lei

E ti ensumido en verbas. En cantigas. En matos.
A custodiar enviso no reino dos regatos

Sempre a acadar a *ROSA* da inocencia perdida
Da música acordada. Da mocidade ida

Con rosas a Saleta – Sempre a rosa do Norte
que nos libra do tempo e nos salva da morte

...

Manuel: a miña aperta nesta hora. Neste día
Que vos sexan propicios o amor e a poesía

Homenaxe a Manuel María.
(Setembro de 1995)
Teatro Rosalía, A Coruña.

I. KOSOVO KOSOVO

Para Manuel María

No relevo dos días
alporízame a guerra e choro en Kosovo

O corazón clama e reclama na distancia:
Suplico axuda para KOSOVO

Polas noites os ollos alucinan Anxos da Morte nas alcobas
Polos días as *razzias* testifican un ritual
de exilio en desbandadas

Mulleres vulneradas
Nenos perdidos iniciados na fala
que esqueceron a palabra insubmisa para chamar ó pai

Os santuarios foron profanados
En sinal de aflicción os homes rapan a cabeza
e rasuran as barbas

Camiñan en silencio cara a ningures
Sen patria
E pobres de solemnidade polos confíns de Iugoslavia

Suplico axuda para KOSOVO:
unha flor meditada no corazón do inverno de incesante
brancura para KOSOVO

II. AS FLORES DERRAMADAS

En KOSOVO quedaron as estancias nun vértigo
Agora habitan mouchos nese abeiro de aldraxes

Alguén desvencellou as trabes e calcinou os muros
As moradas envisas proclamarán o crime

Semellan as cortinas bandeiras profanadas
e os espellos conservan a inminencia da morte

Quedaba unha boneca entre a cinza e o fume
Un velador indemne co retrato da voda
Os zapatiños novos dalgún neno...

Só quedan en KOSOVO as flores derramadas
A xenciana dos bosques
A dixital purpúrea dos Balkanes

E os adonis vernalis – agasallo dos cumios – flor de cedo
tinxíronse de sangue

Suplico axuda para KOSOVO:
Daría a miña vida pola PAZ.

Clave Orión, VII-VIII, (2000-2001)

Benquerido Manuel María: sempre no corazón. De Luz